

## ENTREGA PREMIOS LOIS PEÑA NOVO 2010

Castelo de Soutomaior, 30 de xuño de 2010

**Manuel González González**

**Real Academia Galega**

Este castelo de Soutomaior, testemuño calado de páxinas trascendentes da historia de Galicia, derrubado polos irmandiños e reconstruído por Pedro Madruga, acolle un ano máis o acto de entrega dos Premios Lois Peña Novo. Dicar Lois Peña Novo é tanto como dicir *irmandades da fala*. Peña Novo non é un irmandiño calquera: asumiu o compromiso da posta en práctica do ideario das irmandades, e foi o primeiro concelleiro que usa a lingua galega dunha maneira notoria no concello da Coruña. Pero Lois Peña ocupou tamén un papel de primeira orde no establecemento e deseño deste ideario: foi un dun dos redactores do Programa das Irmandades aprobado na *I Asemblea Nacionalista* celebrada en Lugo no 1918, que marca para moitos o momento fundacional do nacionalismo galego. Dicar Lois Peña Novo é tanto como dicir loita polos dereitos civís, loita pola equiparación de dereitos entre homes e mulleres, loita pola igualdade dos seres humanos, nacesen nun país ou noutro.

É este espírito de Lois Peña Novo, que hoxe nos envolve dentro destes muros, o que tratamos de facer presente coa concesión dun dos premios deste ano ao Concello de Burela pola eficaz política de inculturización da comunidade internacional asentada nese concello.

A globalización, a complexa situación socioeconómica mundial, está producindo fondas transformacións demográficas mesmo en países coma Galicia, que foi etnicamente unha comunidade bastante homoxénea. Esta homoxeneidade está desaparecendo: hoxe todos os concellos de Galicia contan, en maior ou menor medida, con poboación inmigrante; hoxe nas aulas das nosas escolas temos alumnos procedentes de 85 nacionalidades distintas da española, moitos deles chegados a aquí sen saberen sequera que neste territorio existía unha lingua propia que se chama galego. Estamos pois ante unha nova realidade que hai que afrontar con xenerosidade e con intelixencia, que esixe necesariamente a conxunción de dúas actitudes que poden parecer antitéticas, pero que non o son: por un lado, o respecto pola súa cultura, polos seus costumes, pola súa lingua de orixe; e, por outro lado, a facilidade de integración nesta nova sociedade que os acolle, e que obriga aos poderes públicos a facilitarlle-la aprendizaxe da nosa lingua propia, para que se poidan intercomunicar con normalidade cos seus veciños, e para que poidan gozar dos dereitos e oportunidades que o noso sistema sociopolítico ofrece para todos os cidadáns. Só así conseguiremos que estes inmigrantes, sen renunciaren ás súas raíces, se sintan tamén orgullosos de formaren parte como membros de pleno dereito da sociedade galega, e que sintan, sufran e gocen coas alegrías e penas do seu novo país.

A integración lingüística, que facilite a integración social dos

inmigrantes é unha necesidade perentoria, se non queremos crear ghettos, que son sempre fonte de conflitos, de receos, de enfrontamento, e, en todo caso, de incompreensión. E disto decatouse moi ben o concello de Burela, onde neste momento pode haber cerca dun milleiro de inmigrantes procedentes da África do Sur, especialmente caboverdianos, que teñen un peso importante na vida de Burela e ocupan un lugar de relevancia en actividades como a pesca.. O Concello de Burela, xunto con outros colectivos, puxo en marcha medidas para facilitar sen traumas a súa integración lingüística e social, proceso no que ocuparon un papel de primeira orde as escolas municipais. E nestas iniciativas conseguiron poñerse de acordo todos os grupos políticos, e implicáronse amplos sectores da sociedade burelá. Parabéns, de todo corazón, para o Concello de Burela, porque coa súa actuación está demostrando un respecto escrupuloso polos valores da igualdade, da defensa dos dereitos humanos, da integración social, e está reforzando ao mesmo tempo a nosa identidade como pobo cunha lingua e cunha cultura propias, que non son excluíntes de ninguén e que están abertas para todos.

Esperamos que actuacións coma estas do Concello de Burela sirvan de estímulo e de exemplo para outros concellos como Xinzo de Limia, ou Pontecaldelas, ou Vilanova, ou Pontearreas, ou este mesmo de Soutomaior, onde os fluxos inmigratorios se produciron con especial dinamismo, actuacións moitas delas que poden ser mesmo extrapolables ás nosas cidades onde a presenza de inmigrantes é cada vez máis importante.

Aledámonos igualmente de que outro dos Premios deste ano recaese sobre o Foro de avogados da cidade de Lugo, un grupo de avogados, con especialistas das distintas ramas do dereito (laboral, penal, administrativo, etc.), pero unidos por un elo común, o compromiso coa lingua galega no ámbito da xustiza. A utilización do galego na xustiza quere dicir a utilización cos administrados, a utilización do galego no propio despacho, e a utilización da lingua galega perante todas as instancias actuantes nos procedementos xudiciais. O emprego do galego cos administrados que non manifestasen o seu desexo de seren atendidos noutra lingua é un comportamento digno de eloxio e está en consonancia co que no PXNL denominabamos o principio da "oferta positiva" polo cal o galego debe ser utilizado como lingua de contacto inicial na atención ao cidadán ou cliente, oferta positiva que facilita que toda a conversa e o proceso poidan continuar nesta lingua, pero que contribúe sobre todo a elimina-la barreira pola que un cliente ou un cidadán tende a ocultarlle o seu galego a todo aquel que aparece revestido de máis poder ou de máis autoridade. A utilización do galego co administrado facilita tamén a eliminación do autoodio e axuda a aumentar a estima pola nosa lingua, ao vela como instrumento válido para unha función que na súa mentalidade reviste tanta trascendencia e tanta importancia como son os actos xurídicos. Pensará o noso pobo que se o galego serve para a expresión do

mundo da xustiza e para a expresión da administración en xeral, daquela a nosa lingua non é tan pobre nin tan inútil como unhas veces nos dicían explicitamente e outras veces nos daban a entender.

A utilización do galego no despacho, e mesmo na páxina web, contribúe tamén a dar cumprimento a outro dos principios do PXNL, o da oferta informativa, xa que subliminarmente se está informando da legalidade e da validez da utilización do galego na redacción documental e na realización de claquera trámite oficial ou comercial.

A utilización do galego entre todas as partes actuantes nos procesos xudiciais contribúe tamén á normalización do léxico e da fraseoloxía xurídica galega, a manter actualizada unha terminoloxía xurídica que, de non converterse o galego en lingua habitual da xustiza, ou esmorecerá ou se verá deturpada pola interferencia da terminoloxía do castelán que será considerada como a única de referencia no ámbito xurídico, ou, en certos casos, nin sequera se chegará a xerar por falta de necesidade.

E, ao falar de terminoloxía, teño que referirme necesariamente a outra persoa que tamén hoxe homenaxeamos aquí, unha persoa calada, que foxe habitualmente do primeiro plano, pero de fondas conviccións e dun demostrado compromiso coa utilización da lingua galega no mundo notarial: Don Victorino Gutiérrez Aller. Permítanme recordar que Victorino foi o autor dos *Formularios Notariais en lingua galega*, a primeira colección de modelos notariais, con vontade de difusión en toda Galicia, publicada na nosa lingua, acompañada ademais dun disquete (si, estabamos na época dos disquetes) coa versión en soporte electrónico para facilitar a súa utilización nas notarías. Redacción que realizou con vontade de servizo ao noso país, porque era consciente da importancia cuantitativa, e tamén simbólica, dos actos notariais dentro da nosa sociedade: quen non compra ou vende algo?, quen non fai un testamento?, quen non pide unha hipoteca? quen non ten que realizar unha autorización para que outra persoa o represente? O notario está presente nas nosas vidas, e máis aínda nun país de minifundio coma Galicia.

Recordo que foi das primeiras iniciativas coas que me enfrontei cando se creou Termigal, e de feito, este libro de Victorino foi a primeira publicación realizada polo Servizo Galego de Terminoloxía Científica e Técnica. Tratábase de facer uns formularios sólidos tecnicamente, pero tamén sólidos lingüisticamente, e para iso tivemos que levar a cabo un número non pequeno de reunións de xuristas de distintos ámbitos para poñérmonos de acordo sobre a terminoloxía xurídica e administrativa que aparecía neses formularios. Quero lembrar tamén, non sen emoción, a actividade nestas reunións doutra persoa que hai anos que non está fisicamente connosco, pero que nos deixou para sempre o herdo do seu espírito de loita, do seu compromiso coa lingua e coas xentes desta terra, e o seu exemplo de diálogo e perseveranza. Refírome a Daniel García Ramos, un dos grandes dinamizadores daquelas reunións en que todos tiñamos conciencia de estar facendo país.

En fin, parabéns para Vitorino por esta homenaxe e parabéns para todos e cada un dos membros do Foro de Avogados de Lugo polos seus 22 anos de utilización do galego na súa actividade, demostrando que a práctica xurídica en galego nos xulgados e nos tribunais de xustiza non ten por que supoñer ningunha dificultade engadida; demostrando que a práctica xurídica en galego non produce indefensión nin ningún prexuízo para os clientes. A normalización da lingua galega na xustiza non é posible sen a incorporación a esta práctica dos profesionais liberais, como son os avogados. E nesta práctica, vós, o Foro de avogados de Lugo, sodes un exemplo para todos os profesionais do dereito de Galicia.

Se buscamos un paradigma de compromiso, coherencia e responsabilidade dificilmente podemos atopar outro mellor ca Ramón Lorenzo Vázquez, de quen me sinto orgulloso de ser discípulo, compañeiro na Facultade de Filoloxía, no Instituto da Lingua Galega e na Real Academia Galega, pero sobre todo de ser amigo, porque Ramón Lorenzo é sempre amigo dos seus amigos, nas duras e nas maduras.

A responsabilidade ante o traballo e o compromiso coa súa profesión foi unha constante en Ramón Lorenzo desde que era un rapaz. Alumno responsable, porque quería ter unha formación sólida que lle permitise pasar polo mundo deixando pegada. Responsabilidade e compromiso que explican a súa brillante carreira en filoloxía en Madrid, onde forma parte do grupo Brais Pinto (ao lado, entre outros, de Ferrín, Bernardino Graña, Fernández Ferreiro, Raimundo Patiño ou Herminio Barreiro), o seu paso por Alemaña para seguir formándose na Universidade de Colonia, na que exerce tamén como lector de español, a preparación da cátedra e o desempeño desta nas Universidades de Valladolid e de Santiago de Compostela.

Abondaría este compromiso coa súa profesión para facer grande a Ramón Lorenzo. Pero o que o eleva ao cume dos poucos escolleitos para poder ser presentados como modelos para a sociedade é a combinación do compromiso profesional co compromiso coa terra. Ramón puxo toda a súa vida profesional ao servizo de Galicia, e dicir Galicia para Ramón Lorenzo é dicir lingua galega, porque teno dito unha e outra vez: sen galego non hai Galicia.

Compromiso dentro e fóra de Galicia: Ramón, para ben e para mal ten sempre o mesmo discurso, que difunde en Santiago, na Coruña, en Bertamiráns da mesma maneira que o fai en Lisboa, en Trier ou en Tokio.

Compromiso tanto no ámbito público coma na vida familiar e privada: sempre defendeu, como dixeran, que a nosa identidade como galegos se basea na nosa lingua. E é consecuente con isto tamén no ámbito privado. Desconfiade sempre dos que predicán unha cousa e fan outra. Na casa de Ramón Lorenzo a lingua familiar de comunicación coa súa muller e coa súa filla foi sempre o galego. Grazas tamén neste aspecto a Úrsula que, a pesar de vir de terras xermánicas, soubo non só aceptar a nosa cultura como propia, senón tamén participar dela,

enriquecela coas súas achegas literarias e defendela como poucos. Compromiso, querido Ramón, coa lingua e coa terra demostrado día a día na túa actuación nas institucións académicas onde desenvolves o teu traballo: no Instituto da Lingua Galega, na Real Academia Galega, na Facultade de Filoxía da USC, pero tamén na Universidade de Valladolid, onde fixeches abrollar en pleno corazón de Castela a investigación sobre temas de lingua e literatura galegas, ou cando fuches conseiller da Societé de Linguistique Romane, onde traballaches arreo para difundir-lo coñecemento da realidade lingüística deste pobo que se chama Galicia. Permítanme que lles recorde que Ramón Lorenzo foi o responsable da organización do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoxía Románicas da Societé de Linguistique Romane do ano 1989. O que seguramente non saben moitos de vostedes é que as linguas oficiais deste congreso no que participaron máis de 1000 romanistas de todo o mundo foron o galego e o francés. E isto débese a Ramón Lorenzo, que tivo que facer fronte ao boicot da lingüística españolista dese momento, que consideraba unha afronta e mesmo un atentado contra a unidade do Estado a presenza do galego (e non do castelán) como lingua oficial ao lado do francés. Ramón Lorenzo non cedeu ás presións, respondeu con traballo e máis traballo, e este foi un congreso que aínda hoxe é recordado como exemplar no mundo da Romanística.

Compromiso, en fin, patente na súa docencia exercida ao longo de tantos anos, e no conxunto dos seus traballos científicos, que teñen dunha ou doutra maneira o galego como centro, sexan de etnolingüística, de etimoloxía, de historia da lingua, ou de edición de textos medievais, ámbito no que é un verdadeiro mestre de mestres, chegue con lembrar as súas edicións da Traducción Gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla, ou da *Crónica Troiana* ou da colección Diplomática do Mosteiro de Montederramo.

Perdoa que non siga, Ramón. Non quero referirme para nada ao teu currículo académico. Levaríame moitas horas, e podería parecer mesmo unha impertinencia pola miña parte. O único que quero deixar patente é o teu compromiso integral con Galicia, e a defensa sen fendas da nosa lingua. Os que coñecen a Ramón Lorenzo saben ben como defende as cousas que considera importantes: con vehemencia, con claridade, con paixón, sen dúbidas, sen claudicar nunca.

Non temos dúbida de que este ano, coma case sempre, o xurado acertou plenamente na concesión destes Premios, concesión da que Lois Peña Novo estaría moi orgulloso, porque en todos os galardoados agroman vizosamente os ideais das irmandades da fala, e os ideais de igualdade e integración social que foron tamén norte da vida de Lois Peña Novo. Estou seguro de que Lois Peña, nun día coma o de hoxe, reivindicaría o berro irmandiño que aínda ecoa nestes muros: TODOS XUNTOS. Todos xuntos para levantar este país, todos xuntos para afortalar o edificio da nosa identidade sobre os inquebrantables alicerces da nosa lingua. Parabéns para todos os premiados, e que así sexa.